



Concello de Cangas

Expdt. 4317/2019

Asunto: Delegación atribucións Concelleiros

## RESOLUCIÓN ALCALDÍA DELEGACIÓN ATRIBUCIÓN XENÉRICAS

Tendo atribuída esta Alcaldía por lei a facultade de delegar determinadas atribucións nos/nas concelleiros/concelleiras da corporación, segundo o disposto no art. 23.4 da Lei 7/1985, Reguladora das bases do Réxime local e no art. 61.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Tendo en conta a necesidade de modificar as anteriores delegacións efectuadas mediante Decreto 2019-1134, 2019-1154, 2019-1694, 2019-2253, 2019-2264, 2020-0415 e 2021-0333.

Visto o réxime xurídico desas delegacións establecido nos arts. 43 a 45 e 114 a 118 do Rd 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, en uso das atribucións que me confire a normativa legal vixente,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Realizar a favor dos membros da Xunta de Goberno Local e concelleiros, as delegacións xenéricas seguintes:

Urbanismo e deportes: Eugenio González Fernández

Servizos, enerxía e turismo: María Aurora Prieto Gago.

Desenvolvemento económico, emprego e persoal: Sagrario Martínez Ferrari.

Obras, infraestruturas, educación e xuventude : Ingrid Mihaela Loredana Oprea

Facenda, réxime interior e transportes: Mariano Abalo Costa.

Cultura: María Aurora Prieto Gago.

Medio ambiente, mar, rural e voluntariado: Pilar Nogueira Gonzalez

Patrimonio, normalización lingüística, mobilidade, protección e benestar animal e participación veciñal: Adrián Pena Rey.

Estas delegacións abrangerán tanto as facultades de dirixir os servizos correspondentes, como a de xestionalos en xeral, sen facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3TEDPT9DYGEX3A5M4F4FY6VXC | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



**Concello de Cangas**

**Segundo.-** A Alcaldía en calquera momento poderá asumir as atribucións delegadas nesta resolución, sen prexuízo da súa avogación, segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Terceiro.-** Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, notificándose ademais personalmente aos/ás designados/designadas e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución.

**Cuarto.-** No non previsto nesta resolución rexerá o disposto na Lei 7/1985, Lei 5/1997 e Rd 2568/1986, no marco das regras que para as delegacións se establece nestas normas.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3TEDPT9DYGEX3A5M4F4FY6VXC | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2